



## **Resumo da Xunta de Persoal de Lugo do martes 2 de xaneiro de 2021.**

**Asisten: STEG, CIG, CCOO, FETE-UXT, ANPE e CSIF**

### **1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

**Apróbase.**

### **2.-CEIP de Baamonde.**

O presidente da Xunta de Persoal comunícalle ás oo ss que a Xefa Territorial o chamou para informar de que o Concello de Begonte informou da aprobación en pleno da proposta de conversión do ceip de Baamonde en escola municipal de música, paso previo á solicitude de desafectación do edificio.

Coméntase que os efectos que se puidesen derivar a efectos de concurso para as docentes con destino alí aínda non se saben, dependendo, no caso de que esta cuestión se concretase, de se é unha integración ou unha eliminación.

O STEG observa que nin se dan condicións de urxencia nin outras significativas que aconsellen peche ningún, que hai unha clara inacción e falta de políticas por parte da Consellería en relación á Rede Galega de centros educativos, o que na práctica deixa ao arbitrio de alcaldías e demais a apertura ou peche de centros. Así, propón reflectir estas cuestións no escrito común que se faga dende a Xunta de Persoal, reclamando de novo a continuidade do centro, facendo fincapé en que, ademais, esta decisión está sendo moi contestada socialmente, tendo levado a comunidade educativa de Baamonde esta cuestión á Valedora do Pobo.

**Acórdase facer escrito conxunto e incidir especialmente dende as diferentes oo ss na comunicación dos medios para unha difusión efectiva da nota de prensa.**

### **3.-Transporte escolar no CPI Poeta Uxío Novoneira e outros.**

Coméntase a necesidade de volver incidir na reivindicación da continuidade do servizo de transportes nos termos actuais, criticando a pretensión da Consellería das modificacións xa coñecidas que, ademais, do perxuízo á xente da comunidade que deixaría de ofrecer ese servizo implica un deterioro importante das condicións do mesmo, significando na práctica o aumento de 10 minutos a 1 hora de traxecto para algunhas crianzas da escola, un incremento do 500%.

**Acórdase facer escrito nos termos xa coñecidos opoñéndonos a esta cuestión.**

#### **4.-Equipos AVA.**

Comunicásenos a ausencia de Miguel Callón, pois a intención era volver sobre os avances nesta cuestión, ao fío da última reunión.

#### **5.-Varios**

O STEG plantea a situación do IES Sanxillao, onde se anuncian obras de ampliación dende a Xefatura para un edificio de nova construción, e remodelacións, tamén na instalación de cociña do antigo, sen que lle conste á nosa organización ningunha información ao respecto de planificación de redistribución, previsión etc dunhas obras que, polo demais, iniciaríanse en xuño e prolongaríanse durante 7 ou 8 meses. Que sucedería coas clases e o alumnado afectado? Que pasará coas clases prácticas que non se poderán realizar? E coas teóricas? O STEG apunta á posibilidade de anticipar esas obras a marzo, onde parte do alumnado (o de FCT) xa non estaría.

**Acórdase reclamar a presenza da Xefa Territorial diante desta Xunta de Persoal para as explicacións oportunas ao respecto.**

O STEG interésase tamén polos plans da Consellería ao respecto da conversión de centros de secundaria das grandes capitais en cifps.

Coméntase que planea esa intención en firme dende a Consellería e que nalgúns casos, os centros xa recibiron algunhas comunicación dende a Inspección.

**Acórdase incluír esta cuestión na reunión solicitada coa Xefa Territorial.**

**Non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión sendo as 12,40 h.**